

VIEIROS

Edición xeral

AXENDA DE LECER

Poesía contemporánea en Salvaterra e cantigas de amigo na Boa Vila

Esta fin de semana temos varias citas: coa poesía no Condado, co Medievo en [Pontevedra](#), cos sons do Norte no Teatro Principal de Compostela, coa solidariedade na [Mariña](#), con Santa Baia em Ribadumia, co reggae en Culleredo, co rock en Carral, coa becerra na Estrada e incluso coa selección galega de balonmán... Hai opcións para todos os gustos, para os siareiros do deporte, para os comellóns, para os teatreiros, para os [nordestinos](#), para rastafaris, "folquis" e rockeiros, e tamén para os solidarios e os [amantes da poesía e da liberdade](#).

- 14:17 01/09/2006

Dúas citas en cadansúa punta do país, pero importates as dúas: a primeira, como non, o [XX Festival de Poesía do Condado](#), que este ano celebra o seu primeiro cuarto de século co lema 25 anos facendo país, 25 anos construíndo futuro no camiño da liberdade." A voz de Cesáreo Sánchez, Antía Otero, Lucía Novas Garrido, Xulio López Valcárcel, Eduardo Estévez, José Alberte Corral Igrejas, Lucía Aldao, Luz Fandiño, María do Cebreiro, Séchu Sendé, Marta Dacosta, a vasca Leire Bilbao, o portugués Luis Filipe Cristovao, e o mozambicano Guita JR, xunto coa música do festival hip hop-ska (Dios ke te crew, a Banda Bassotti e Betagarri) e o sábado Donicelas, Tino Baz, A Quenlla e Miro Casabella, Terrakota e Lamatumbá. Ademais, proxeccións audiovisuais, exposicións, artesanía, espazo para os cativos e o bo ambiente da xente que cre na loita e na palabra, en Salvaterra do Miño.

Máis festas na Mariña: a parroquia viveirense de Area abre as festas co humor dos Tonechos o venres ás doce e media (o cincuenta por cen do dúo, Roberto Vilar, é de Augadoce!) Música de Siempre, Variedades, El Combo Dominicano, e Magos de España ambientarán as verbenas areás esta fin de semana.

Músicas do Norte e moito máis

Ademais de gozar dos grupos noveis da Mariña no festival Implicate de Burela, gozaremos do repertorio tradicional da Mariña en Compostela, coas voces de Ugia Pedreira e Guadi Galego e o piano de Abe Rábade: Nordestin@s gravará, en son e imaxe, o directo deste sábado ás dez no Pricipal.

E en Vilagarcía, Música na Rúa: o Parque da Xunqueira acollerá, a partir das once da noite do venres, unha sorpresa de Mister Misto Films, bebidas sen alcohol, reparto de preservativos e información a cargo do Comité Antisida Arousán (Canvihar), e a música de Tenderete, Vado Permanente e Cornelius. O sábado é a quenda de Thioassane Percusión, Pare y Nores e Salida de Emergencia. De chover, marcharían tocar á Praza da Peixería. Ademais, teatro: o venres ás dez, Novedous pon en escena a Jouse García co seu simpático monólogo pechado no báter, *Ondas*, na Praza do Castro.

E na sala DZine, en San Sadurniño, gozaremos este venres de [Che Sudaka](#). Raíces arxentinas pasadas polo funil multicultural de Barcelona, a partir da medianoite e por 5 €. Ao día seguinte estará na praia fluvial da Estrada a partir das once, coa Banda Potemkin, Festicultores e a local Matraca Perversa. O concertazo forma parte do Festival Multicultural, que ao longo do día ofrece tamén espectáculo de clown e malabares.

Máis novidades: [Daniel López](#) presenta *Flautasía* na praza de Lazós, no seu Betanzos natal, o venres ás dez. Folc de amplo espectro que vai do pop á muiñeira, en mans dun virtuoso. Mentres na Praza das Pontes de Cangas, o blues de Paul Camilleri agárdanos o venres ás dez. No [Aturuxo](#) de Bueu, o noruegués Captain MOno ofrece o seu espectáculo de malabares, clown e música o venres ás once, e o domingo, o grupo tudense Phantom Club e os arxentinos Víticus deléitannos co seu rock ás dez (6 € con entrada anticipada, 8 in situ).

No Auditorio Municipal de Ourense, The Black Sea Fleet (Orquestra, Coros e Danza da Mariña do Exército Ruso) este venres ás nove e media. O prezo é de 18 € no patio de butacas e 15 no anfiteatro. En Compostela, ademais da gravación do disco de Nordestin@s no Teatro Principal ás dez da noite do sábado, o domingo, ás 20:30, Héctor Lorenzo e Pablo Seoane clausuran co seu jazz o festival [Feitoamán](#)

Xamaica en Culleredo e "jevochos" no Grove e Carral

O sexto [Foundation Reggae Festival](#) vai encher o paseo marítimo do Burgo de boas vibracións: o venres a partir das sete, Ganjahrfamily, os galaicobrasileiros Black Bum, Luar na Lubre, os astures Koniec e Mamamilotas. E o sábado sobre as seis, Dandy Fever, Modd Rakers e Alamedadosoulha. En torno ás once han soar a RuffCutt Band, Anthony Q, Starkey Banton e Macka B. De Xamaica viña Al Campbell, pero problemas co visado non o deixaron chegar a Culleredo. Se nas aduanas tivesen tan bo rolo como o que habemos atopar alá...

Outro estilo peculiar de música: O Grove acolle o II Con Negro. O venres, a partir das once, punk e rock duro da man de Weekofons, X-trume, Ruido Permanente, Los Pablos, Grove Hustla e os pincha Salem e Kugu. Ao día seguinte, máis relaxado, obradoiro medioambiental ás once (da mañá), tangos con Tenderete, e despois, Doctor X, Sekía na ría, Comité del zementerio vezinal, Achanting people e os dilleis Breixo y Trini. O festival remata o domingo cun safari fotográfico e pintura rápida para os rapaces ás cinco e media. Noite afrobrasileira a partir das nove no escenario de San Vicente, con Deggo, Kallor do Brasil, Carlos Gustavo Almeida e Brazilian night.

Tamén poderemos achegarnos a Carral, que celebra o XII Festival de rock, este venres con Zēnzar, a Banda Potemkin, Rockers go to hell, Som do Galpom e os locais OURizo e Sterko, ademais de CR, de Cambre e o dillei A Longueira.

Seguimos no Camiño...

Por outra parte, o ciclo [Vai de Camiño](#) chega a Cee con [Lamatumbá](#), nun concerto que se tivera que suspender nas festas da Xunqueira por mor dos incendios que arrasaron a Costa da Morte, xunto con Óscar Ibáñez e Folc Tribo. A banda ourensá, embaixadora mundial do licor café, estará na Praza do Concello o venres ás dez, e logo collerá azos para marchar a Salvaterra do Miño. O mesmo ciclo leva aos Títeres Viravolta a Samos (Praza de España, ás oito do venres), o Mago Teto ao auditorio de Vilamarín, media hora despois, e ás dez estarán Treixadura ao Santiaguíño-Guizán en Mos, Berrogüetto no Paseo do Espolón de Padrón, Siniestro Total e Deluxe no campo de fútbol da Gándara, en Ferrol, e folc en Rianxo, con Susana Seivane e Quempallou na Praza Castelao e Dodro e Xacarandaina na Eira dos Hórreos, simultaneamente. O sábado, o Mago Rafa estará a Praza do Convento de Melide ás oito, e ás dez, nova vaga de concertos con Budiño na Praza da vila en Sarria, Brath no Patio das Lamas de Monterrei, Treixadura e o Orfeón na

explanada do Concello de Oroso, Pepe Vaamonde e Son de Seu no Campo da feira da Picota, en Mazaricos, Mercedes Peón no porto fisterrán, Xacarandaina no peirao de Arcade (Soutomaior), e Susana Seivane na outra punta, a mesma Pedrafito do Cebreiro. E por último, o domingo, espectáculo con Viravolta na Esplanada xunto ás piscinas de A Ponte Noalla, en San Cibrao das Viñas, ás oito, e cos magos Teto e Rafa na Praza da Carballeira, no Parque Rosalía de Castro de Friol á mesma hora.

Teatro: o "Frutero" sobre as táboas e unha parella en apuros

O Teatro Rosalía de Castro ten unha proposta ben interesante para este venres e sábado ás nove. Santi Rodríguez, a quen todos lembramos como o brután "Frutero" da serie "7 vidas", sobe ás táboas cunha caracterización ben diferente: a de Sosia, un actor cómico da antiga Grecia que ten que facer por que o público chore para se salvar dunha condea a morte. As entradas para *Ave Sosia* custan 6, 7, 8 e 12 € segundo localidade. E no Teatro Arte Livre, o venres e sábado ás dez e media e o domingo ás dez, Rosana Cordovani e Eduardo Gaspar métese na pel dunha parella creada por Luis Fernando Veríssimo, n' *A comedia da vida privada*. A obra está recomendada para maiores de 16 anos e as estradas custan 10 ou 13 €.

Regreso ao pasado e a forza do deporte na Ría de Pontevedra

Pontevedra non só acolle cabaleiros, nobres, plebeos, xogares e bufóns esta fin de semana: tamén ás seleccións sénior masculina e feminina de [balonmán](#), que se enfrontarán nin máis nin menos ca aos tunesinos, cuartos do mundo. Entre tanto, os e as xuvenís hanse enfrontar ás seleccións lusas no Porriño.

E para quen queira gozar da [Feira Franca](#), nada como unha partida de rol en vivo, con Tuatá de Danann, un clube que leva ben anos organizando partidas: as meigas, a Santa Compañía e moitos outros personaxes mitolóxicos resucitan esta fin de semana nos recunchos da Ferrería, o Teucro, a Leña ou a Verdura... E, como sempre, bufóns, malabares, espectáculo da xente para a xente,

Na XXXIII Romaría a Santa Baía, en Ribadumia, a Asociación "o Plantel Xuvenil de Ribadumia ten unha chea de actos preparados para o domingo: a xornada comeza coa procesión dende a igrexa á carballeira, con Santa Baía ás costas, cos Xinetes do Rochelo, de Meis, e os Cabaleiros sen Fronteiras de Ribadumia. Homenaxe ás "xentes que fan parroquia", polbo, empanada, a mellor música tradicional da contorna co baile tradicional de Aligustre e Penaguda de Dena, as pandereteiras do Batán, a Roda Pequena de Paradela, os Carballeiras de Barrantes, e pachangada coa charanga NBA, play back dos Miúdos da Touza, a orquestra Colores da Estrada dándolle cor á verbena final, xogos, concurso, teatro e moito máis.

Un pouquiño máis arriba, tirando xa para as terras de Tabeirós, Guimarei acolle a XIV Feira da Becerra Selecta, dende o sábado. Poderemos gozar da mellor becerra ao espeto até o domingo. Han participar reses da Estrada e Forcarei. Seguimos con paparotas en Guísamo, onde celebran as festas de San Ramón a golpe de churrasco, en Area (Viveiro), degustando mexilóns o venres ás sete, antes de escoitar o pregón dos Tonechos, polbo na Illa, e festas de San Xil en Bóveda (Lemos).